

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 211 - Mecanizado e mantemento de máquinas
Tribunal: único

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (QUENDA E)

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL DE MECANIZADO E MANTEMENTO DE MÁQUINAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (QUENDA E)

PRIMEIRA PROBA: Coñecementos específicos.

A primeira proba está composta de dúas partes, Parte A e Parte B.

A Parte A e a Parte B da primeira proba cualificaranse de 0 a 10 puntos e ponderaranse do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para a superación da primeira proba deberá obterse unha puntuación de polo menos o 25 % do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA PRIMEIRA PROBA - PARTE A: (proba práctica)

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 3 horas.

Non se permitirá o acceso a esta proba sen os EPI axeitados a especialidade.

Características do exercicio de carácter práctico que se axustará ao disposto no Anexo VI da Orde do 24 de febreiro de 2020.

Esta proba estará composta de dous exercicios que ponderarán do seguinte xeito:

Exercicio 1, un 40%.

Exercicio 2, un 60%.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte A da primeira proba:

C.A.1 - Resolvéronse os exercicios de xeito correcto e xustificando demostrando os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados.

C.A.2 - Elaborouse a resposta dos exercicios ben plantexada, organizada e con claridade na exposición.

C.A.3 - Presentouse a resposta dos exercicios con pulcritude e cunha axeitada expresión escrita.

C.A.4- Aplicar as técnicas procedementais propias da especialidade para resolver o exercicio.

C.A.5- Avaliarase o correcto manexo das ferramentas e dos equipos.

C.A.6- Será imprescindible respectar e cumprir as normas de seguridade e saúde

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA - Parte B: (desenvolvemento do tema)

Desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante de entre cinco temas do temario oficial, extraídos ao chou polo tribunal.

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 2 horas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte B da primeira proba:

C.A.1 - Proba 1. Parte B. Demostráronse os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados sobre os distintos apartados do tema correspondente, empregando un vocabulario técnico axeitado.

C.A.2 - Proba 1. Parte B. Desenvolvéronse cun nivel de profundidade axeitado todos os apartados do tema elixido, e citáronse as fontes, os recursos bibliográficos e legislativos, de ser o caso.

C.A.3 - Proba 1. Parte B. Desenvolveuse o tema con claridade na exposición dos conceptos, cunha correcta organización dos contidos, con lexibilidade e corrección gramatical e ortográfica.

C.A.4 - Proba 1. Parte B. Fíxose a lectura do tema fluída e áxil, como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.